



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 35 – FEBREIRO 08

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo 1: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno.: 982 284111 Fax: 982 231 203

Lugo 2: Pazo de Feiras e Congressos de Lugo - O Palomar s/n - 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

ASAMBLEA ANUAL ORDINARIA DE OVICA

Como ben sabedes o pasado 9 de febreiro de 2008 celebrouse en Sarria a Asamblea Anual Ordinaria de OVICA, que transcorreu con normalidade. Ó finalizar celebrouse un xantar no que participaron tódolos asistentes.



Na Asamblea realizouse un balance das contas e actividades realizadas no exercicio anterior, así como unhas previsións para o 2008 e un resumo da situación actual. Aprobándose tódalas solicitudes de altas e baixas de socios.

Para a campaña da rapa 2008, despois de analiza-las diferentes opcións posibles, acordouse continuar co equipo de tosquiadores de OVICA, formado por 2 grupos de 3 rapadores e 1 colledor por grupo. Aprobouse modificar os prezos, quedando fixados por tramos en función do tamaño do rebaño.

Proximamente enviarase unha carta informativa, cos prezos e calendario previsible, e realizarase unha chamada a cada socio, ca finalidade de confecciona-lo listado da campaña da rapa 2008, e poder optimizar na medida do posible este servizo.

A nova Xunta Directiva de OVICA é a seguinte:

- Presidenta: Araceli Pillado Salgado
- Secretario: Sergio Regueiro Iglesia
- Tesoureiro: Roberto Castelos Vázquez

Ademais, renováronse varios vocais e asesores, entrando a formar parte da XD seis novos socios.

Tamén se acordou modificar e adaptar os Estatutos da Asociación e realizouse unha revisión á alza das cuotas de socio, quedando aprobadas unhas novas cantidades.

MANEXO E ALIMENTACIÓN

Pasamos o outono e o inverno mais secos das ultimas décadas, coa conseguinte escaseza de pasto, e os animais van moi xustos en estado de carnes, que unido a outros problemas nas explotacións, está a ocasionar un gran número de baixas nos rebaños.

É moi importante vixia-la condición corporal e planificar unha cantidade suficiente de recría para que os rebaños recuperen o seu tamaño óptimo.

RAZAS: CABRAS CANARIAS



Canarias conta cunha gran tradición caprina e de elaboración de queixos. Existen diferentes razas de cabras autóctonas, entre as que destacan a Tinerfeña (ecotipos *Morte e Sur*), a Palmera e a máis importante, por censo e produción, a raza **Majorera**.

Orixe: cruces de cabra aborixen e cabras africanas (Nubiana, maltesa)

Censo: unhas 150.000 cabezas

Características: raza adaptada ó medio e rústica. Pelo curto e capas policromadas. Mamas desenroladas

Prolificidade: elevada en torno a 1,9

Producción: Aptitude leiteira, 545 litros en 210 días, empregado para elaborar o Queixo Majorero (Fuerteventura), sendo o 1º queixo en obter denominación de Orixe en España.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA - VENTA

- Véndense 45 ovellas con dereitos de prima en Paderne de Allariz. Tfno.: Agnes 646 850 382
- Véndese explotación de ovino/caprino, zona de Valdeorras, 350-400 cabras, nave 1.200 m2, maquinaria, oficina, enfermería, 58 Has de terreo. Tfno.: 988 335701
- Véndese rabaño de 287 dereitos e 240 ovellas en Sarria. Tfno.: 615 666 533 – 982 530 367
- Véndense cachorros de raza Border collie, de traballo, en Xemade. tfno.: Vicente 609 864 738
- Véndense cachorros de mastín, de 3 meses. Información: Santiago 610353983 (Abegondo)
- Ofrecese traballador para explotacións. Contacto: 609 005 921 (Miguel)
- Cédense ata 300 dereitos. Pilar (Maceda - Ourense) Tfno.: 649882625
- Transfírense 22 dereitos de prima. Información: Esperanza 982 177906 (Xermade)
- Véndense 100-150 cabras e 40 cabritas de recría. (Láncara- Lugo) Tfno.: 630 589 097
- Véndense 25/30 ovellas. Información no teléfono 685 194 487
- Véndense 30 ovellas e 16 dereitos, zona de Santiago. Urxe! Tfno.: 981 699 105 (Avelino)
- Véndese esterco de cabra en Castro Caldelas (Ourense) Tfno.: 659 083 339
- Cómpranse 70 ovellas con urxencia!! (Riós - Ourense) Tfno.:699515051 Rosario
- Cómprase rebaño de cabras de carne. (José Ramón) Tfno.: 677 251 300

XORNADA TÉCNICA DE CAPRINO DE LEITE

O mércores 27 de febreiro de 2008 celebrarase no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo a "I Xornada Técnica de Caprino de Leite", que organiza OVICA, coa colaboración da Consellería do Medio Rural, e que se encadra dentro dun proxecto de dinamización do sector ovino e caprino leiteiro galego.

A pesares de que Galicia conta cunha longa tradición gandeira e queixeira fai pouco que se comezou a desenvolver na nosa comunidade a produción intensiva de leite de cabra. Esta primeira xornada técnica pretende achegar o sector a todos aqueles produtores e demais gandeiros e axentes interesados.

- PROGRAMA -

10:00 Inauguración da Xornada Técnica

D. Emilio López Pérez,
Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural.

10:15 Plan para incrementar a produción de leite de cabra no Principado de Asturias.

Primeiras accións desenroladas.

D. Benigno Fernández Fano
Xerente da Comisión Rexional do Banco de Terras do Principado de Asturias.

D^a. Itziar Fernández Martínez, veterinaria da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Rural do Principado de Asturias.

11:15 Sistemas de produción e resultados técnicoeconómicos da produción caprina en Francia.

D. Alain Pannelle
Bureau Technique de Promotion Laitière (BTPL).

14:00 Clausura da Xornada Técnica

D. Antonio Oca Fernández.
Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Consellería do Medio Rural.

ESTUDIOS E TRABALLOS

Un alumno da Escola Politécnica Superior de Lugo realizou e presentou un "*Estudio das condicións de traballo nas explotacións de ovino e caprino de Galicia*", cuxo traballo de campo realizou o verán pasado en varias explotacións de ovino e caprino asociadas a OVICA, ás que queremos aproveitar para agradecerlles en nome de OVICA e do Departamento de Proxectos da Escola Politécnica Superior de Lugo a súa colaboración.

Deste estudio desprenderase un manual práctico que esperamos sexa de utilidade ós gandeiros e un primeiro paso de cara a futuros traballos e estudos que permitan mellora-las condicións de traballo e a seguridade e saúde nas explotacións de ovino e caprino.

Un artigo deste estudio levarase ó "XII Congreso Internacional de Ingeniería de Proyectos", que terá lugar en Zaragoza, do 9 ó 11 de xullo de 2008.

LOBO

Técnicos de OVICA asistirán e participarán nun Seminario titulado "*Convivindo co lobo: prevención de danos en Europa Meridional*" que se celebrará en Segovia o 28 e 29 de febreiro, organizado pola Fundación Oso Pardo i enmarcado dentro do proxecto LIFE COEX



ADSG **ACIVO**
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

COVIÇA
evolución na calidade